

ACTA DA XUNTA DIRECTIVA ORDINARIA DA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL “MARIÑAS - BETANZOS”, DO DÍA 9 DE XANEIRO DE 2012.

En Oleiros, a 9 de xaneiro de 2012 sendo as 19.00 horas, e presentes as persoas que a continuación indícanse, na Escola Infantil de A Lagoa, en Mera (Concello de Oleiros).

Asistentes:

- D. Antón Sánchez García, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo* (Sindicato Labrego Galego).
- D. José Calo Faraldo, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo* (Cooperativa Agraria Provincial da Coruña, S.C.G.).
- D. Antonio Buyo Mosquera, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo* (Asociación Sectorial de Viticultores e Adegueiros de Betanzos e Comarca).
- D. Javier Ascasibar Errasti, en representación da *Mesa sectorial de asociacións xuvenís e colectivos xuvenís* (Asociación Xuventude e Natureza).
- D. Lois Anxo Ferreiro Bestilleiro, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Cultura Aberta de Carral).
- Dna. Concepción Lema Torre, en representación da Mesa do sector da artesanía (Asociación Artesáns As Mariñas) e Secretaria da Asociación.
- D. José Francisco Castro Vilariño, en representación da *Mesa Sectorial Asociacións e colectivos medioambientais ou actividades na natureza* (Asociación Cultural Libre de Paderne – Roxin Roxal).
- D. José Soto Martínez, en representación da *Mesa do sector de turismo e hostalería* (Asociación de Turismo Sostible de A Coruña).
- D. Xoan Alvarez Llana en representación da *Mesa do sector institucional* (Fundación para o avance científico da veterinaria en Galicia)
- Dna. Carmen Borobio Vázquez en representación da *Mesa do sector institucional* (Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia –CEIDA-)
- D. Manuel Padín Santos, Concelleiro de Turismo do Concello de Arteixo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Francisco Quintela Requeijo, Alcalde do Concello de Coirós en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- Dna. Marta Iglesias Becerra, Concelleira de Promoción Económica e emprego do Concello de Culleredo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.

- D. Rodrigo López Piquín, Concelleiro de Obras Públicas do Concello de Oleiros, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Cesar Longo Queijo, Alcalde do Concello de Paderne, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*. Vicepresidente da Asociación.
- D. José Angel Sánchez López. Concelleiro de Promoción Económica e Turismo do Concello de Sada, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Eulogio López Río, en representación da *Mesa de colectivos de interese social, discapacidade e ONG´s* (ASPACE).
- Dna. María Teresa Tiemblo Marsal, en representación da *Mesa de colectivos de interese social, discapacidade e ONG´s* (ASPANAES).
- D. Jorge M. Blanco Ballón. Xerente Programa LEADER. GDR Mariñas – Betanzos.
- Dna. Concepción Bonome González. Técnica Programa LEADER. GDR Mariñas – Betanzos.

A SESIÓN TENSE DESENVOLTO, CO SEGUINTE RESULTADO:

En ausencia do Presidente, preside a reunión D. Cesar Longo Queijo, Vicepresidente da Asociación e Alcalde de Paderne.

1. LECTURA E APROBACIÓN, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Apróbbase a Acta da sesión anterior.

2.- SEGUIMIENTO DO PROGRAMA LEADER

2.1.- INFORME PROXECTOS PRESENTADOS PROGRAMA LEADER.

2.1.1.- CREACIÓN CLÍNICA VETERINARIA EN ABEGONDO (L11-41300-29-0154):

Con data 21 de decembro de 2011, ten entrado no rexistro do GDR Mariñas – Betanzos solicitude de axuda para o proxecto de creación dunha clínica veterinaria en Abegondo.

A entidade promotora é a sociedade civil “Fraga Piñeiro S.C”, constituída por dous irmáns do municipio de Abegondo (unha muller coa titulación de veterinaria e o seu irmán), que queren emprender esta actividade non existente na actualidade no municipio. Este proxecto vai crear un emprego como autónomo autónomo. Conta na actualidade cun local en aluguer na parroquia de Santiso de Mabegondo.

Investimentos do proxecto: Equipamento de mobiliario.

O proxecto tería cabida na medida 413 do Réxime de Axudas, no apartado II. “Creación de PEMES”

Os investimentos ascenden a 50.000.- € (42.372,88.-€ sen IVE). O proxecto acadaría unha puntuación de 84,83 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 45% (19.067,80.-€) sobre un orzamento elixible de 42.372,88.-€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

2.1.2.- CREACIÓN EMPRESA DE ENERXIAS RENOVABLES ESPECIALIZADA EN ENERXÍA MINIEÓLICA. (L11-41300-29-0132)

Con data 21 de outubro de 2011 ten entrado no rexistro do GDR Mariñas – Betanzos solicitude de axuda para o proxecto de creación dunha empresa de enerxías renovables especializada en enerxía minieólica.

A entidade promotora é a sociedade limitada unipersonal “T’UVENTO INGENIERÍA MINIEÓLICA S.L.” onde un enxeñeiro técnico quere levar a cabo este proxecto na localidade do Espiritu Santo (Concello de Sada), nun local de aluguer.

O proxecto consiste na creación dunha empresa de diseño de instalacións fotovoltaicas e de enerxía minieólica, así como de instalación de aeroxeradores e placas fotovoltaicas.

Investimentos do proxecto: mobiliario, equipos informáticos, adaptación do local, ferramentas, fabricación dos kits de medición e obtención da certificación e patentes dos kits de medición do vento

Ten cabida na medida 413 do Réxime de Axudas, no apartado II. “Creación de PEMES”

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 48.257,03.- € (40.895,79.-€ sen IVE).

O proxecto acadaría unha puntuación de 65 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 42,5% (17.380,71.-€) sobre un orzamento elixible de 40.895,79 .-€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

2.1.3.- PROXECTO PILOTO PARA A POSTA EN VALOR DO MONTE. (L12-41300-29-0158)

Con data 03 de xaneiro de 2012 ten entrado no rexistro do GDR Mariñas – Betanzos solicitude de axuda para “proxecto piloto para a posta en valor do monte”, presentada polo Concello de Abegondo.

Este proxecto consiste na posta en marcha dun servizo de apoio para restructuración da propiedade da terra, baseado nun sistema informático.

Este sistema de apoio aos propietarios dos montes de Abegondo, tería como valor engadido á proximidade ao propietario, e axudaría na formulación de oportunidades e na toma de decisións de aproveitamento en función das características fisiográficas, sociais e económicas de cada zona.

O programa sería a base sobre a que dinamizar e espertar os intereses dos propietarios polos seus propios recursos de base territorial, así como establecer sinerxías entre propietarios que permitan combater a barreira que supón a estrutura minifundiaria da propiedade e fomentar a economía e o emprego ao redor do recurso forestal, a escala local e animado dende o Concello.

O proxecto consistiría na contratación do deseño e implementación dunha base de datos asociada a un sistema de información xeográfica, que permita rexistrar a todos os propietarios e xestores de parcelas forestais do concello de Abegondo, ademais de toda actividade ou entidade que poida ter relación co monte.

A idea é que coas conclusións que saian deste proxecto piloto, se poida poñer en marcha no futuro un sistema de apoio a nivel comarcal.

Para realizar esta actuación contrataríase unha asistencia técnica.

Ten cabida na medida 413 do Réxime de Axudas, no apartado IV. “Servizos para a economía e a poboación rural”

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 55.000 - € (46.610,17 -€ sen IVE).

O proxecto acadaría unha puntuación de 87 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 50% (23.305,085.-€) sobre un orzamento elixible de 46.610,17-€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

2.2. PROXECTOS APROBADOS POR AGADER PARA ACTIVAR NO ANO 2012.

Antes de iniciar o debate deste punto, excúsase da reunión D. Eulogio López, representante de ASPACE, abandonando a sala de reunións.

Con data 31 de decembro de 2012, os fondos pendentes de comprometer na medida 413 son os seguintes (cóntase con proxectos aprobados por Agader pendentes de emisión da resolución de concesión).

- ✓ Proxectos produtivos: 260.897,29.-€ (ano 2013).
- ✓ Proxectos non produtivos: 204.950,66.-€ (84.102,86 ano 2012; 120.847,80 ano 2013).

O réxime de axudas do Programa Leader 2007-2013 respecto á activación de proxectos establece o seguinte:

- Primeiro terase que subvencionar aqueles proxectos para os que se ditase resolución de concesión, con adxudicación parcial de fondos por esgotamento de crédito (non existen proxectos nesta situación).
- A continuación, os proxectos que contén co ICE validado favorablemente por Agader dentro da anualidade anterior, en atención á súa orde de puntuación.

Para a anualidade 2012 e na medida 413 xa non quedarían fondos para activar proxectos produtivos. Existen fondos para activar proxectos non produtivos, polo que procédese activar o único proxecto non produtivo aprobado por Agader na actualidade, tendo en conta o procedemento do Réxime de axudas.

A 31 de decembro de 2011, na medida 413 no apartado de proxectos non produtivos e con Informe de control de Elixibilidade Favorable de Agader, cóntase na actualidade co expediente nº 52 “Reforma do pavillón para a atención de persoas con parálise cerebral”.

Este proxecto non pode comprometer os fondos existentes dos proxectos non produtivos da anualidade 2012, por alcanzar éstos ao 25 % dos investimentos esixibles para realizar unha certificación parcial.

Acórdase a concesión de axuda e activación deste expediente, coa seguinte distribución da axuda por anualidades:

Ano 2012: 25.-€ (0,0001 % da axuda).

Ano 2013: 204.925,66.-€ (81,97 % da axuda).

Quedaría pendente da reserva de eficacia: 45.049,34.-€ (18,03 % da axuda)

A Xunta Directiva acorda dar traslado a AGADER do acordo tomado en relación a este expediente.

3. INFORME SUBVENCIÓN PARA A POSTA EN PRÁCTICA EN GALICIA DE PROGRAMAS EXPERIMENTAIS EN MATERIA DE EMPREGO (2011-2012) “AGROEMPREGA”.

O día 24 de maio de 2011 saía publicado no DOG a “Orde do 12 de maio de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia durante os anos 2011 e 2012 de programas integrados para o emprego”.

As subvencións reguladas na presente orde terán por obxecto o financiamento de programas de emprego dirixidos á mellora da ocupabilidade e á inserción laboral das persoas traballadoras en situación de desemprego mediante a posta en marcha de plans integrais que combinen accións de diversa natureza, tales como información, orientación e asesoramento, formación, práctica laboral e mobilidade xeográfica.

O 14 de xuño de 2011 tense presentado solicitude para o Programa “Agro-Emprega” que ten como obxectivo final a integración e inserción laboral das persoas desempregadas da provincia da Coruña no sector agrícola, e concretamente ligado á actividade agraria (xa fora solicitado no ano 2010).

Con data 26 de outubro de 2011 a Dirección Xeral de formación e colocación da Consellería de Traballo e Benestar Social resolveu provisoriamente conceder á Asociación Mariñas – Betanzos a subvención solicitada para a posta en práctica en Galicia durante os anos 2011 e 2012 de programas integrados para o emprego, por un importe total de 80.120 euros en dúas anualidades.

DENOMINACIÓN DO PROGRAMA: “Agro Emprega”. Programa para a inserción laboral no sector agrario a través da recuperación de producións agrícolas tradicionais e outras demandas dos mercados.

ÁMBITO TERRITORIAL: 16 concellos do ámbito territorial de Mariñas – Betanzos.

Nº PARTICIPANTES: 100

OBXECTIVOS DE INSERCIÓN: 35% **Nº INSERCIÓNS:** 35

ORZAMENTO:

	2011	2012
SUBVENCIÓN	36.726,67	36.726,67
COFINANCIAMENTO	3.333,33	3.333,33
TOTAL PROXECTO	40.060	40.060

DATA DE INICIO: 31 de outubro de 2011

DATA DE INICIO DAS ACCIÓNS: 15 de decembro de 2011, sendo preciso solicitar unha prórroga de 15 días, debido ao retraso na selección do alumnado.

DATA DE FIN: 30 abril de 2012 (proposta de solicitude de prórroga ata o 30 de xuño).

SELECCIÓN DOS PARTICIPANTES: Oficinas de Emprego de Betanzos e Coruña Centro.

REDUCCIÓN DA SUBVENCIÓN: A Dirección Xeral de Formación e Colocación establecerá unha redución na cantidade total a percibir pola entidade Mariñas – Betanzos, no caso de non cumprirse os obxectivos de inserción previstos no punto 5. Esta redución calcularase do seguinte xeito: multiplicarase o número de demandantes con inserción por 1.469,07 euros e a isto sumaráselle o número dos restantes demandantes atendidos multiplicado por 339,02 euros. Se esta cifra fora inferior ao importe da subvención concedida, a redución será a diferenza entre ambas cifras.

Téñense feito dous días de convocatorias, tendo convocado a un total de 450 persoas, que foron enviadas desde o Servicio Galego de Colocación. Finalmente téñense seleccionado ás 100 persoas que participarán no curso. Todas as novidades poderán consultarse na web: <http://www.proxectoagroemprega.blogspot.com/>

O desglose de investimentos do proxecto, feitas as reducións debidas ao recorte sobre o orzamento solicitado sería o seguinte:

Coste Tutor de formación teórica (6 meses)	7.500,00
Coste Tutor de formación técnica agraria (6 meses)	14.000,00
Coste Formación en finca experimental (6 meses)	7.500,00
Aluguer finca de prácticas (6 meses)	7.316,00
Visitas a explotacións piloto	500,00
Seguro responsabilidade e accidentes	1.952,12
Varios (imputación Mariñas--Betanzos)	1.231,88
TOTAL	40.000,00

Ao respecto do orzamento de aluguer da finca de prácticas Antón Sánchez pregunta se incluírá máis conceptos que o propio aluguer, pois considera o coste elevado.

Traerase este coste desagregado.

Xúntase como anexo programa de teoría e prácticas.

Por outra banda, estanse buscando entidades e empresas para asinar os convenios de prácticas laborais (100 horas) que complementarían a formación, solicitando autorización a esta directiva para a sinatura dos convenios.

Acórdase autorizar ao presidente e vicepresidente para asinar estes convenios para a realización de prácticas. Tamén acórdase tamén buscar fondos para poder abonar os costes de transporte aos alumnos necesitados.

Acórdase tamén realizar os trámites precisos para que persoal do equipo técnico “Mariñas – Betanzos” poidan participar con imputación horaria no desenvolvemento do Proxecto AGROEMPREGA.

4. AVANCES NA CANDIDATURA DA RESERVA DA BIOSFERA

Sinalar que desde os concellos de Curtis e Sobrado dos Monxes se ten manifestado o interese en incorporarse á futura Reserva de Biosfera, atopándose na cunca alta do Mandeo. Na reunión de Xunta Directiva celebrada no pasado mes de novembro acordouse enviar por correo electrónico a todos os membros da Xunta Directiva a “Proposta de Moción Institucional” ao respecto de desenvolver o proceso de elaboración da Candidatura a Reserva da Biosfera, co obxecto de que se aportaran suxestións por parte da Xunta directiva. **(Xúntase proposta inicial de Moción Institucional).**

O día 15 de novembro de 2011 tense enviado por correo electrónico dita proposta a todos/as os/as membros da Xunta Directiva, sendo recibida ata a data de hoxe unha resposta por parte dun membro da Xunta Directiva, proponendo a eliminación do párrafo referido ó Plan Mandeo, pois aínda non comprometeron nin traballaron no proxecto. O promotor da reserva é o GDR polo que debería eliminarse ese párrafo”.

Por outra banda, desde a Deputación de A Coruña teñen trasladado ao GDR Mariñas-Betanzos a intención de asinar un convenio, estimando unha aportación de 100.000 euros para a elaboración da Candidatura. Esta Candidatura artellaríase sobre 3 eixos:

Eixo 1: Impulso, información e web, coordinación e incorporación da participación no proceso.

Sería responsabilidade da Asociación Mariñas-Betanzos.

Para estas accións imputaríanse uns costes de 21.000 euros.

Eixo 2: Formulación de candidatura, plan de acción, zonificación, indicadores de seguimento, apoio no deseño do órgano de xestión e apoio aos concellos para a declaración de ENILs.

Contrataríase como asistencia técnica ao Grupo de Traballo do IBADER, sendo responsable o profesor Rafael Crecente, incluíndo na Candidatura: definición de Misión, Visión, Leit motiv, estratexias, liñas de acción e programas. Identificación de liñas de acción en conservación. Identificación de liñas de acción en desenvolvemento sostible. Identificación de liñas de acción en investigación e apoio loxístico.

O coste serían 43.000 euros.

Eixo 3: Dinamización, sensibilización e comunicación social sobre a Reserva de Biosfera.

-Deseño e edición de folletos divulgativos. Elaboración e edición de exposición itinerante sobre as Reservas de Biosfera. Organización de 3 obradoiros formativos no territorio (turismo; auga e litoral; eficiencia enerxética, etc...). Organización dun Seminario de carácter estatal. Deseño de publicación da candidatura (impresión por parte da imprenta da Deputación Provincial).

O coste serían 36.000 euros.

A Deputación de A Coruña organizaría dentro do Programa Mandeo un Seminario Internacional sobre o mes de xuño, coa idea de relanzar a candidatura.

O Vicepresidente da Asociación “Mariñas – Betanzos”, Cesar Longo, propón convocar a unha reunión a todos os alcaldes do territorio, para presentar conxuntamente a Moción e informar sobre a candidatura.

5. PROPOSTA SOLICITUDE DE PROGRAMA “EMPLEA-VERDE”.

O Programa “Empleaverde” foi creado pola Fundación Biodiversidad. Ao abeiro deste programa, a Fundación establece alianzas con outras organizacións e institucións que comparten os mesmos obxectivos en relación ao emprego e ao medio ambiente. Facer, por un lado que o medio ambiente e a sostenibilidade sexan a base para mellores empregos e empresas máis competitivas, e por outro lograr que os traballadores e as empresas sexan actores clave na mellora do medio ambiente e na sostenibilidade do desenvolvemento.

Para o período 2007-2013 o Programa “empleaverde” marcouse como meta apoiar máis de 50.000 persoas e fomentar a creación dunhas 1.000 empresas vinculadas ao medio ambiente. Para chegar a dita meta, o Programa conta cunha dotación total de 44,1 millóns de euros, dos que o Fondo Social Europeo cofinancia un 80% ou 50% segundo a rexión de que se trate.

O Programa “empleaverde” apoia proxectos que poñan en marcha procesos de cambio relacionados co medio ambiente e a sostenibilidade e que teñan entre os seus obxectivos:

- Promocionar e mellorar o emprego en xeral e o emprego verde en particular.
- Aumentar as competencias e a cualificación dos traballadores en temas ambientais e de sostenibilidade.
- Fomentar a modernización e innovación de empresas e sectores de actividade.
- Promover a creación de empresas vinculadas ao medio ambiente.
- Adaptar as actividades económicas á normativa ambiental.
- Impulsar a sostenibilidade das actividades económicas.

Nesta edición poderanse presentar proxectos en algunha das dúas liñas seguintes:

- Liña 1: Proxectos para o fomento do emprego verde
- Liña 2: Proxectos de apoio ao emprendemento.

O proxectos presentados ao Programa “empleaverde” poden contemplar as seguintes accións:

- Cursos de formación.
- Plataforma e-learning.
- Xornadas, seminarios e congresos.
- Premios e concursos.
- Campañas de sensibilización.
- Diagnósticos, estudos, metodoloxías e guías.
- Material informático e divulgativo (publicacións, manuais, folletos, etc.).
- Asesoramento personalizado (presencial, itinerante, mixto, on-line, telefónico, etc.).
- Redes
- Calquera outra acción que permita alcanzar os obxectivos do Programa “empleaverde”.

A proposta de posibles liñas de acción a desenvolver sería:

MARIÑAS-BETANZOS EMPLEA VERDE:

EIXOS:

EIXO 1 EMPLEO VERDE

a. AGRICULTURA ECOLÓGICA

- i. Formación sobre transformación de horticultura convencional en ecológica.
- ii. Fomento de la comercialización en circuitos cortos y de proximidad.
 1. Animación de ferias y mercados de proximidad.
 2. Fomento del consumo en comedores sociales: colegios, guarderías, comedores, hospitales y centros de día de mayores.
- iii. Identificación de nuevos nichos de mercado en transformados ecológicos, y acompañamiento a las empresas para su puesta en marcha.
- iv. Fomento de huertos urbanos
- v. Fomento del consumo de variedades locales y productos de temporada en el área metropolitana y A Coruña.
- vi. Fomento de los mercados locales y ferias tradicionales:
 1. Difusión. Homogeneización productos. Imagen conjunta (bolsas). Incorporación nuevas tecnologías.

b. PRODUCTOS DEL MAR Y LITORAL

- i. Utilización de plantas silvestres con fines alimentarios en zonas Red Natura.
- ii. Utilización de poliquetos en nuevos usos y su transformación
- iii. Formación a personal de Cofranrías: nuevos modelos de gestión productiva.
- iv. Curso: Nuevos modelos de gestión del litoral.

c. GESTIÓN FORESTAL SOSTENIBLE Y CUSTODIA DEL TERRITORIO

- i. Herramienta para la gestión de montes desde el ámbito local.
- ii. Identificación de oportunidades de la gestión compartida de tierras.
- iii. Viabilidad de cultivos energéticos en terrenos de monte.
- iv. Nuevos modelos de certificación forestal.
- v. Seminario: Custodia del territorio como generador de empleo.

d. TURISMO SOSTENIBLE

- i. Identificación de nuevos nichos de empleo asociados al turismo natural
 1. Identificación de actividades de turismo asociadas al litoral.
- ii. Formación de agencias de viajes sobre las nuevas oportunidades que se abren en el territorio con declaración de Reserva de Biosfera:
 - a. Conocimiento espacios Red Natura y Reserva Biosfera.
- iii. Formación:
 1. Nuevas tendencias en comercialización turística: blogs, etc.
 2. Buenas prácticas en hostelería asociadas a espacios naturales.

EIXO 2 - GESTIÓN DE RESÍDUOS

- e. Gestión de la biomasa en jardines y espacios públicos (dirigido empresas de jardinería).
- f. Estudio de viabilidad de calderas de biomasa y “District heating” en los municipios.
- g. Nuevos modelos de saneamiento en el medio rural.
 - i. Utilización de plantas acuáticas para modelos de autosaneamiento de nulo consumo energético.
 - ii. Identificación de plantas de interés
- h. Gestión de residuos en fosas sépticas (dirigido a empresas de servicios).

EIXO 3 - MOVILIDAD SOSTENIBLE

- i. Viabilidad de modelos de transporte colectivo en polígonos industriales.
- j. Oportunidades de negocio en nuevos modelos de abastecimiento de vehículos eléctricos.

EIXO 4 - EFICIENCIA Y AHORRO ENERGÉTICO

- k. Para explotaciones agrarias:
 - i. extracción e agua con minieólica.
 - ii. Aprovechamiento de subproductos.
 - iii. Ahorro y eficiencia energética en explotaciones agrarias: nuevas tecnologías.
- l. Formación a empresarios e instaladores sobre Energías renovables.
- m. Identificación de nuevas oportunidades de autosuficiencia energética (minieólica, biomasa y fotovoltaica).

EIXO 5 - CREACIÓN DE REDES

- n. Marcas de productos en territorios Reservas de Biosfera.
- o. Dentro del territorio:
 - i. certificación de empresa responsable ambientalmente.
 - ii. Mecenazgo y desarrollo del territorio rural.

EIXO 6 - PROGRAMA DE FOMENTO DEL VOLUNTARIADO AMBIENTAL.

POSIBLES SOCIOS (mínima aportación económica do 2%):

- Fundación Juana de Vega
- Diputación de A Coruña
- Ayuntamiento de A Coruña
- Asociación Jóvenes Empresarios de A Coruña
- Algún concello do territorio para focalizar algunha actuación.

ORZAMENTO TOTAL DO PROXECTO: 180.000 EUROS.

Acórdase enviar esta proposta xa “filtrada” aos concellos para recoller o interese nas distintas medidas e ir axustando unha posible proposta.

6. PROPOSTA E APROBACIÓN SE PROCEDE DE ADHESIÓN DE NOVOS SOCIOS.

6.1. Concello de Curtis

Con data 15 de novembro de 2011 ten entrado no rexistro da Asociación “Mariñas – Betanzos” solicitude do Concello de Curtis, de entrar a formar parte como membro asociado do GDR Mariñas – Betanzos e participar no proceso de candidatura para declaración como Reserva de Biosfera.

O Concello de Curtis atópase no centro de Galicia, na zona oriental da provincia da Coruña, forma parte do Comarca de Betanzos atopándose na cunca alta do Mandeo. Está adscrito ao partido xudicial de Betanzos e área sanitaria e administrativa da Coruña. Ten unha extensión de 117,5 km.² distribuídos en 4 parroquias, tendo a día de hoxe 4.400 habitantes.

Nesta solicitude tamén ten solicitado participar ao 100% no proxecto de Candidatura a Reserva da Biosfera que abarca aos municipios das concas fluviais dos ríos Mandeo e Mendo.

MESA SECTORIAL: ADMINISTRACIÓNS LOCAIS

Tras debate, acórdase dar entrada ao Concello de Curtis como entidade asociada en Mariñas – Betanzos, aínda que o territorio non resulta elixible no Programa LEADER.

Tense valorado na decisión o feito da Conexión co territorio Mariñas – Betanzos a través da Cunca do Mandeo, destacando proxectos emprendidos polo Concello de Curtis por mellorar o entorno do río, a calidade das augas e o seu atractivo turístico.

7. ROGOS E PREGUNTAS

7.1. INFORME DE PARTICIPACIÓN DO GDR MARIÑAS – BETANZOS NUN PROXECTO DE I+D FINANCIADO DENDE O MINISTERIO DE CIENCIA E INNOVACIÓN.

Dende a ASOCIACIÓN MARIÑAS-BETANZOS nos teñon proposto para participar nun Proxecto de investigación sobre Desenvolvemento rural financiado desde o Ministerio de Ciencia e Innovación.

Este Proxecto que se coordina desde a Universidade de Valencia, a través do Profesor D. Javier Esparcia, catedrático de Análisis Geográfico Regional, leva por título : "**CAPITAL SOCIAL Y DESARROLLO TERRITORIAL: REDES SOCIALES, LIDERAZGO Y ÉLITES DE PODER EN LAS DINÁMICAS RURALES DE GALICIA**".

Para poñer en marcha o proxecto, o responsable do mesmo, D. Javier Esparcia, solicitou un listado de actores económicos, públicos e sociais do ámbito territorial de Mariñas - Betanzos, principalmente aqueles máis relevantes desde unha perspectiva supramunicipal ou comarcal, estén ou estiveran ou non ligados ao PROGRAMA LEADER, e que entendíamos son líderes locais capaces de mobilizar proxectos e vontades.

A Xunta Directiva acorda participar neste proxecto, que pode axudar a artellar mellor o territorio. Tense recibido na sede do GDR Mariñas - Betanzos un correo informando que a semana do 23 de xaneiro, comezarán a poñerse en contacto con algunhas do territorio.

7.2. CANDIDATURA RESERVA DA BIOSFERA MARIÑAS - BETANZOS.

O representante da Asociación Roxin Roxal, José Fco. Castro, solicita que na vindeira reunión se presenten os distintos modelos de órganos de xestión que existen nas Reservas da Biosfera españolas, e o interese de cada un dos distintos modelos, acordando as vantaxes e inconvenientes.

Non se produce ningunha outra intervención, dándose por finalizada a reunión da Xunta directiva ás 22.00 horas.

En Oleiros, a 9 de xaneiro de 2012

A Secretaria

Asdo.: Dna. Concepción Lema Torre

Vº e praxe Vicepresidente

Asdo.: D. Cesar Longo Queijo